

Rapaza ti te-lo virgho,
o virgho quiteiche eu-e,
e si Dios non che perdona
e a ti perdónoche eu-e.
Ai chinguili, chinguili, chinguili
Ai chinguili, chinguili cha...

Sementei millo miúdo
nas pernas dunha rapaza,
heime de marchar da terra
antes de que o millo naza.
Ai chinguili, chinguili, chinguili
Ai chinguili, chinguili, cha...

Traie-la mixeira torta
i heicha de poñer dereito,
aínda ch'eu hei preghuntar
o mal que ch'eu teño feito.
Ai chinguili, chinguili, chinguili
Ai chinguili, chinguili, cha...
Ai toma-la Mariolita
ai toma la Mariolá.

“Ti fodiche, miña filla?”
“Non fodin, miña nai non-he”.
“Esas manchas da camisa
elas do carallo son-he”.
Ai chinguili, chinguili, chinguili
Ai chinguili, chinguili, cha...
Ai toma-la mariolita, ai toma la mariolá.

... ghrande
foi á feira dos nuvelos,
sí mo vedes por ahí
dádelle rata con pelos.

O virgho é cousa santa
porqu'está nas letanías,
a muller que non ten home
rasca nel todo-los días.

...



Pasei pola túa porta
e mirei polo ferrollo,
estaba túa nai caghando
e meteume un chuzo nun ollo.

Pasei pola túa porta
e mirei pola pechadura,
estaba a túa nai mexando
no cesto da verdura.

Pasei polo teu curral-e
erghín os ollos e vin-he
/:un letreiro que decía:/
eu para ti non nacín-he.

(Canta Dorothé)

Miña mai doum´unto vello
da cocha que ha de matar-e
tamén m´ha dar berzas da horta
das coles qu´ha de plantar-e.

Cásome contigo vella
pero hasme dar un recibo
/:que si non morres mañán:/
pasado entérrote vivo.

Ai la la la...

Heime de casar cun vello
para me fartar de rir,
e puñerlle a cama ialta
con que non poida subir.

Eu caseime aló abaixo
na terra dos maraghatos
e tocoume un vellíño
todo ´sghazado dos ratos.

Teño unha herba na horta
que lle chaman ciridonia,
/:para ti falar conmigho:/
/:douche Dios pouca memoria:/

Teño unha i-herba na i-horta
que é tan alto coma un valo,
unha chata coma ti
haina i-en calquera lado.



Teño unha rosa na horta
que rosea polo pé,
/:tamén ti has de rabear:/
por deci-lo que non é.
Trai la la la...

/:Rapaza io teu portelo
atrancaraslle un ramallo:/
o meu becerro é beceiro
váiseche botar ó prado.

S'ó teu becerro é Veceiro
halo dir arrecadando,
o meu prado non tén herba
para mante-lo teu ghando.

/:O amor que ha de ser meu-e
ha de te-lo cu de pau-e:/
e barrigha de manteca
i as pernas de bacalau-e.

Manuel Manueliño
meu Manueliño ha de ser-e,
quén me dera se-lo lume
que eu a Manuel derreter-e.

Se non tedes sachos
traémolos nós,
arados de ferro
/:e carros con bois (x3):/
se non tedes sachos
traémolos nós.

Miña Santa Margharita,
miña Margharita Santa,
aughuiña da túa fonte
curou a miña gharghanta.

E ti telo, telo
e no queres dar
e despois de vella
/:halo chamuscar (x3):/
e ti telo, telo
e no queres dar.



Unha nena nunha fonte
por unha berza bebía,
a berza estaba rachada,
toda a augha lle vertía.

E ti telo, telo
e non queres dar
e despois de vella
halo chamuscar.

Eu pedínllor a unha nena
no pasadoiro do prado,
ela díxome que non-he
que ´stá o tarreno mollado

Eu pedínllor a unha nena
na canceliña da ieira
ela díxome que non-he
que viñ´á xente da feira.

E ti telo, telo
e no queres dar
e despois de vella
halo reghalar.

Ándam´a cabra na ihorta
e o cabrito nos repolos,
os mociños qu´hai aghora
traien carrachas nos ollos.

Anduvécheste alabando
pareces un fol de cocos,
a la cabecera tienes
ferrado e medio de mocos.

E ti telo, telo
e no queres dar
e despois de vella
/:halo regalar (x3):/
e ti telo, telo
e no queres dar.